



Estimados pais e nais:

Para o vindeiro día **24 de marzo** a organización estudantil *Sindicato de Estudiantes* ten convocada unha folga para o sector do alumnado. Tendo en conta o punto 15 do artigo 10 das *Normas de Organización e Funcionamento* do IES Mugar dos:

“Coa finalidade de estimular a participación do alumnado nos centros educativos, estes deberán facilitar o dereito de reunión. As decisións colectivas que adopte o alumnado, a partir do terceiro curso de ESO, con respecto á asistencia á clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando sexan o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do centro. Para tal fin establécese que deberán ser decisións colectivas por razóns xerais e comunicadas á Dirección previamente (48 horas) pola Xunta de Delegados. (LOE)

De se producir esta situación, o centro deberá comunicar aos pais a convocatoria desa folga para o seu coñecemento. O profesorado deberá trasladar a falta do alumnado ausente ao XADE e comunicala en conserxería o antes posible quedando esta información a disposición dos titores e da Xefatura de Estudos, que poderán comunicala de xeito inmediato ás familias ou aos servizos da Policía Municipal en caso de se tratar de alumnado de escolarización obrigatoria.”

Comunicámoslles que o alumnado do IES Mugar dos anuncia a intención de secundar a folga en escrito dirixido pola Xunta de Delegados á dirección do centro que pode consultar no reverso desta circular. **Os servizos do centro** (transporte, oficinas, docencia) **funcionarán como todos os días e o profesorado atenderá os alumnos e alumnas que decidan asistir a clase.**

NOTA IMPORTANTE: Os exames fixados para o martes 24 adiáronse maioritariamente para o luns anterior e, asemade, a proba do Canguro Matemático realizarase a mañá do mércores ou do xoves.

O director do IES Mugar dos



COMUNICACIÓN DE CONVOCATORIA DE FOLGA
Entregar en secretaría do centro con 24
horas de antelación ao comezo da
folga.

A cubrir pola secretaría do centro

DATA: de de 20.....

Don/a.....DNI.....

en calidade de nai/pai/titor legal de.....

alumno/a do curso..... grupo.....

COMUNICA a recepción desta circular informativa sobre a folga estudantil convocada para o(s) día(s) de de 20.....

Asdo:.....

NO CASO DE FACER FOLGA, O SEU FILLO OU FILLA NON DEBERÁ UTILIZAR O TRANSPORTE ESCOLAR NIN DEBERÁ ACUDIR AO INSTITUTO O DÍA SINALADO.

Comunicado da Xunta de Delegados/as

A xunta de delegados reunida o día 19 de marzo de 2015 decide secundar folga o día 24 de marzo convocada polo sindicato de estudantes con motivo de:

- O PP quere destruír as universidades públicas.
- O 3+2 non é nin Europa, nin aforro para as familias.
- A loita continúa ata derrotar o 3+2.
- Xa abonda de ataques e recortes e de privatización da universidade pública.

Os delegados dos seguintes cursos asinan este comunicado:

3º ESO - A
~~Alto~~ Andreu

3º ESO - PDC
~~Alto~~
Romero
Vila

4º ESO - A
~~Alto~~ POA

4º ESO - B
~~Alto~~ POA

1º BAC - A
~~Alto~~ POA

1º BAC - B
~~Alto~~ POA

2º BAC - A
~~Alto~~ POA

2º BAC - B
~~Alto~~ POA